



A actividade das
depuradoras **de** moluscos
en Galicia

20**04**

20**05**

20**06**



A actividade das
depuradoras **de** moluscos
en Galicia

20**04**

20**05**

20**06**

Xunta de Galicia

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Santiago de Compostela, 2008

Servizo de Produción Pesqueira
Dirección Xeral de Recursos Mariños
Rúa Valiño, 63-65 San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tfnos.: 981 544 007 - 981 547 468
Fax.: 981 545 025 - 981 546 138
Contacto correo-e: produccion.pesqueira@xunta.es

Elaboración:

Servizo de Produción Pesqueira

Dirección e coordinación:

Carlos Gabín Sánchez
Xefe do servizo de Produción Pesqueira

Edita:

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

ISBN: 978-84-453-4630-3

D.L.:

Deseño e maquetación:

 *Ofelmaga, s.l*
Telf.: 981 806 669

Tiraxe:

300 exemplares

Imprime:

<u>■ Presentación</u>	4
<u>■ Metodoloxía</u>	6
<u>■ Principais resultados</u>	7
<u>■ Caracterización da actividade das depuradoras</u>	12
<u>■ A orixe dos produtos depurados</u>	14
<u>■ Principais especies depuradas en Galicia</u>	15

Presentación

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos vén realizando desde o ano 2004 un seguimento, a través de enquisas anuais, da actividade comercial e económica que representan as depuradoras de moluscos bivalvos situadas en Galicia.

A través desta publicación preténdese satisfacer a demanda de información sobre unha importante actividade que sempre mantivo unha relación directa co marisqueo e coa acuicultura de bivalvos, posto que por exixencias sanitarias os bivalvos frescos deben someterse a depuración antes de seren ofertados aos consumidores, agás que procedan de zonas cualificadas microbioloxicamente como "A".

O estudo que aquí se presenta é resultado de catro anos de traballo, un de preparación, deseño da enquisa e planificación do traballo de campo, e tres anos de execución durante os que se recolleron un total de 176 cuestionarios que foron revisados e consensuados cos propietarios ou xerentes das distintas depuradoras. Para alcanzar estes obxectivos, non se dubidou en realizar visitas *in situ* a cada unha das empresas e posteriormente concretar algúns datos a través de reiteradas chamadas telefónicas.

O número total de empresas depuradoras de bivalvos sometidos a enquisa estivo entre as 59 unidades para o ano 2004 e as 63 unidades no ano 2006, abranguendo deste xeito o total de empresas dedicadas a esta actividade. As principais fontes de datos relativos a estas empresas son as autorizacións outorgadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o rexistro sanitario xestionado pola Consellería de Sanidade.

O ámbito xeográfico é o territorio galego. Considéranse estacións depuradoras de moluscos bivalvos obxecto deste estudio *aquelas instalacións ou establecementos dotados dos medios técnicos necesarios para conseguir a eliminación dos xermes patóxenos nos moluscos vivos destinados ao consumo humano* (Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia), e que desenvolven a súa actividade en Galicia. A información que se proporciona por provincias, concellos ou agrupamento de concellos refírese ás empresas que teñen as súas instalacións situadas nese ámbito territorial.

Para poder presentar unha análise en detalle dos resultados, establecéronse unha serie de criterios que permiten agrupar e caracterizar o tipo de empresas, e así quedaron definidos tres grupos:

- Empresas depuradoras especialistas en mexillón (*Mitylus galloprovincialis*, MSM), son aquelas empresas que basean a súa actividade na depuración desta especie. A presenza de mexillón supera o 70% do total das cantidades das especies depuradas.

- Empresas depuradoras xeralistas, aquelas empresas que teñen a súa actividade repartida na depuración de todas as especies de bivalvos, incluído o mexillón.
- Empresas depuradoras xeralistas sen mexillón, aquelas empresas que depuran calquera especie de bivalvos agás o mexillón.

Por outra banda, prestóuselle especial interese a coñecer a orixe das compras realizadas por estas empresas. Así, establecéronse as seguintes orixes:

- Galicia: cando se declara que as compras foron realizadas en lonxas, centros de primeira venda ou provedores da Comunidade Autónoma galega.
- UE - España: cando se declara que as compras foron realizadas a países da Unión Europea ou ben noutras comunidades autónomas do territorio español.
- Terceiros países: cando se declara que a procedencia dos produtos é dun país de fóra da Unión Europea; neste caso as orixes habituais son Tunicia, Canadá e os Estados Unidos.

Finalmente, neste estudo preséntase unha análise detallada para as seis principais especies de bivalvos; o conxunto destas especies sumou preto do 95% da facturación xerada en cada ano de estudo por esta actividade: mexillón (*Mitylus galloprovincialis*, MSM), ameixa fina (*Ruditapes decussatus*, CTG), ameixa babosa (*Venerupis senegalensis*, CTS), ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*, CTL), berberecho (*Cerastoderma edule*, COC) e ostra (*Ostrea edulis*, OYF).

Metodoloxía

O primeiro paso que se deu para comezar este estudo foi establecer unha relación de depuradoras que estivesen en actividade. A maiores, cada ano do estudo incluíronse aquelas estacións depuradoras que iniciasen actividade nese exercicio. Para alcanzar esta relación, tomáronse os censos existentes na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, revisando a situación administrativa de cada establecemento. Posteriormente, esta información foi cruzada coa información cedida pola Consellería de Sanidade, na cal figuraba o rexistro sanitario en vigor para cada unha delas.

Unha vez obtida a relación definitiva, deseñáronse o modelo de cuestionario de actividade e unha ficha que recollese as características xerais da instalación e o seu posicionamento xeográfico. O equipo de traballo realizou visitas a cada instalación, procedendo á súa localización e realizando unha toma de contacto cos titulares, ademais de indicarlles o obxectivo desta enquisa.

No primeiro trimestre do ano posterior ao de referencia na enquisa remítese desde o Servizo de Produción Pesqueira un cuestionario de carácter anual en que se solicitan os datos das

cantidades depuradas, o valor de venda para cada especie, o país ou lugar de procedencia dos produtos depurados e os principais destinos destas mercadorías.

Unha vez que se ten constancia da recepción do cuestionario polo seu destinatario, déixase transcorrer un período de 20 días, comezando a realizar chamadas individuais para solicitar a contestación. En caso de que non se alcance resposta por estes medios, iníciase un período de visitas a cada depuradora.

Os resultados recollidos no cuestionario grávanse nunha base de datos e nese proceso válidanse os valores declarados; requírenselles aclaracións aos titulares naqueles casos en que os rexistros presenten valores que poidan saír dos intervalos de referencia en canto a prezo medio dos produtos nas vendas ou ben que se indiquen cantidades en unidades ou lotes e non en quilogramos.

Mediante consultas á base de datos obtéñense os distintos resultados que se presentan a través das táboas e gráficos que forman parte desta publicación.

Datos xerais

O 1 de marzo de 2004, o Servizo de Produción Pesqueira tiña localizadas 57 depuradoras de bivalvos con sede en Galicia que se atopaban en actividade; sucesivamente, no ano 2005 este número incrementábase a 61 e no ano

2006 a 63 (véxase táboa n.º 1). Sobre o total dos cuestionarios enviados anualmente foron respostados de xeito positivo máis 85% en cada un dos anos.

Táboa n.º 1

N.º DEPURADORAS ENQUISADAS				
	ANO	N.º enquisas	N.º contestadas	% resposta
GALICIA				
	2004	59	53	89,80%
	2005	61	59	96,72%
	2006	64	62	96,88%
A CORUÑA				
	2004	21	17	81,00%
	2005	22	20	90,91%
	2006	24	23	95,83%
PONTEVEDRA				
	2004	38	36	94,73%
	2005	39	39	100,00%
	2006	40	39	97,50%

Para o ano 2006 Pontevedra é a provincia onde existe o maior número de depuradoras de bivalvos (40). Os concellos do Grove, con 10, e de Cambados, con 8, son as localidades con máis empresas dedicadas a esta actividade. A totalidade das empresas concéntranse en torno

ás tres principais rías, destacando a de Arousa con 25.

En canto á provincia da Coruña, presenta un total de 24 depuradoras, sendo os concellos de Boiro e Ribeira, con 4 depuradoras, as

localidades con máis establecementos; a distribución territorial dos establecementos é moito máis dispersa que na provincia de Pontevedra.

A continuación amosamos a importancia na economía local que pode representar a actividade das depuradoras. Dado que nalgúns casos, ao existir só unha empresa destas características, estaríamos publicando os seus

resultados, e mesmo nas poboacións en que se asentan dúas poderíase deducir o nivel de negocio de cada unha delas, presentaremos os resultados para aquelas poboacións ou agrupamento de poboacións próximas cun número amplo de instalacións no seu ámbito territorial. Incluiremos nesta táboa os resultados totais da provincia para poder observar a súa representatividade sobre esta unidade territorial.

Táboa n.º 2

	2004		2005		2006	
	N.º establ.	Importe (€)	N.º establ.	Importe (€)	N.º establ.	Importe (€)
A Coruña	17	19.173.716	20	23.575.307	23	22.822.014
Boiro + Ribeira	7	10.739.355	8	9.898.346	7	11.514.757
Resto concellos	10	8.434.361	12	13.676.961	16	11.307.257
Pontevedra	36	133.392.706	39	131.818.424	39	134.318.007
Cambados	8	43.430.211	8	43.771.983	8	43.956.010
A Illa de Arousa	4	14.272.069	4	11.920.173	4	12.062.907
O Grove	8	33.519.160	10	34.315.815	10	29.283.193
Sanxenxo	4	9.065.171	4	7.244.801	3	8.914.681
Resto concellos	12	33.106.095	13	34.565.653	14	40.101.216
Total Galicia	53	152.566.422	59	155.393.731	62	157.140.020

A actividade desenvolvida nos concellos limítrofes de Cambados e O Grove, ambos situados na costa sur da ría de Arousa, representa preto do 50% do negocio xerado pola depuración de bivalvos en Galicia, e individualmente superan o negocio total que desenvolven as depuradoras enquisadas na provincia da Coruña.

Actividade anual

A actividade e importe de negocio quedan recollidos na táboa n.º 3, na que se mostran para os tres anos os datos anuais e o seu repartimento por provincia.

A evolución en cantidade (kg) é irregular, cun aumento do 4,80% en 2005 con respecto a 2004; pola contra, 2006 presenta o menor valor dos tres anos, sendo un 7,26% inferior a 2005 e un 2,85% menor que en 2004.

Non sucede o mesmo en canto ao valor (€) alcanzado, o aumento en quilogramos de 2004 a 2005 se ve reflectido nos importes, aínda que o prezo medio do produto pasa de 2,07 €/kg a 2,01 €/kg. En cambio en 2006, tal como se indicou anteriormente, as cantidades son as máis baixas, pero o prezo medio dos produtos aumenta a 2,19 €/kg, o que orixina que se alcancen algo máis dos 157 millóns de euros.

Táboa n.º 3

BALANCE ANUAL DEPURADORAS				
	kg	%	€	%
2004	73.725.216		152.566.421,99	
A Coruña	9.025.050	12,24%	19.173.715,63	12,57%
Pontevedra	64.700.166	87,76%	133.392.706,36	87,43%
2005	77.267.484		155.393.731,03	
A Coruña	12.811.591	16,58%	23.575.307,08	15,17%
Pontevedra	64.455.893	83,42%	131.818.423,95	84,83%
2006	71.654.647		157.140.020,41	
A Coruña	11.264.029	15,20%	22.822.013,72	14,52%
Pontevedra	60.390.618	84,80%	134.318.006,69	85,48%

Tanto no relativo a cantidade como a valor de negocio, a provincia de Pontevedra recolle máis das catro quintas partes do total de Galicia, principalmente pola actividade do mexillón (MSM).

En canto á composición por especies da actividade das depuradoras (táboa n.º 4), atopamos que o mexillón (MSM) é a especie con maior peso no que respecta ás cantidades vendidas, pois supera o 80% do peso total en cada un dos anos da serie estudada. En canto ao resto das especies, o berberecho (COC) é a única especie que supera o 5% do peso total (2006), e xunto coa ameixa xaponesa (CLJ) son as dúas especies máis representativas; as 16 especies restantes apenas alcanzan o 7% do total.

Non se observa o mesmo comportamento cando analizamos a variable do importe de negocio alcanzado por estes produtos (táboa n.º 5); esta variable está directamente relacionada co prezo medio do produto, moi significativo para determinadas especies e que, como veremos, tamén está relacionado coa procedencia dos produtos. Entre seis das dezanove especies que se comercializan depuradas facturan unha media anual de cerca do 95% do total: destaca o mexillón, cun 40,92%; a ameixa xaponesa (CLJ) xa está preto do 16%; e a ameixa fina (CTG), cun alto valor comercial, sitúase como terceira especie en ingresos cando as cantidades depuradas apenas alcanzan o 1% do total. Algo similar é o comportamento da ameixa babosa (CTS).

Táboa n.º 4

Especie	FAO	DISTRIBUCIÓN DAS CANTIDADES DEPURADAS (kg) POR ESPECIES							
		2004		2005		2006		Total	%
		Cantidad (kg)	%	Cantidad (kg)	%	Cantidad (kg)	%		
Ameixa babosa	CTS	1.022.031	1,39%	1.017.720	1,32%	884.239	1,23%	2.923.990	1,31%
Ameixa bicuda	VNA	1.896	0,00%	546	0,00%	2.100	0,00%	4.542	0,00%
Ameixa fina	CTG	854.125	1,16%	706.412	0,91%	671.613	0,94%	2.232.150	1,00%
Ameixa rubia	VNR	163.995	0,22%	204.134	0,26%	350.848	0,49%	718.977	0,32%
Ameixa xaponesa	CLJ	3.583.319	4,86%	3.575.220	4,63%	3.646.231	5,09%	10.804.770	4,85%
Berberecho	COC	3.805.265	5,16%	3.467.784	4,49%	3.944.679	5,51%	11.217.729	5,04%
Cadelucha	DXL	7.309	0,01%	11.122	0,01%	12.445	0,02%	30.876	0,01%
Carneiro	VEV	86.078	0,12%	43.049	0,06%	62.819	0,09%	191.946	0,09%
Chirla	SVE		0,00%	3.065	0,00%	2.091	0,00%	5.156	0,00%
Cornicha	ULO	109.680	0,15%	26.615	0,03%	62.120	0,09%	198.415	0,09%
Longueirón	EQJ	44.398	0,06%	34.028	0,04%	11.115	0,02%	89.541	0,04%
Mexillón	MSM	60.901.372	82,61%	65.213.301	84,40%	59.473.877	83,00%	185.588.551	83,36%
Navalla	EQE	202.792	0,28%	189.284	0,24%	246.061	0,34%	638.137	0,29%
Ostra plana	OYF	1.452.321	1,97%	1.433.860	1,86%	1.531.274	2,14%	4.417.456	1,98%
Ostra rizada	OYG	101.508	0,14%	80.965	0,10%	257.695	0,36%	440.167	0,20%
Rabioso	GKL		0,00%	18.449	0,02%	62.840	0,09%	81.289	0,04%
Reló	DSX	1.379.119	1,87%	1.211.751	1,57%	367.227	0,51%	2.958.097	1,33%
Volandeira	QSC		0,00%	23.307	0,03%	18.064	0,03%	41.371	0,02%
Zamburiña	VSC	10.007	0,01%	6.872	0,01%	47.309	0,07%	64.188	0,03%
Total xeral		73.725.216	100,00%	77.267.484	100,00%	71.654.647	100,00%	222.647.347	100,00%

Táboa n.º 5

DISTRIBUCIÓN DOS IMPORTES (€) POR ESPECIES

Especie	FAO	Importe (€)							
		2004	%	2005	%	2006	%	Total	%
Ameixa babosa	CTS	15.454.604,89	10,13%	14.948.761,11	9,62%	13.020.215,09	8,29%	43.423.581,09	9,34%
Ameixa bicuda	VNA	11.376,00	0,01%	2.730,00	0,00%	16.050,00	0,01%	30.156,00	0,01%
Ameixa fina	CTG	18.098.822,99	11,86%	18.080.530,32	11,64%	17.095.130,05	10,88%	53.274.483,36	11,45%
Ameixa rubia	VNR	1.512.947,10	0,99%	1.837.439,74	1,18%	2.905.542,95	1,85%	6.255.929,79	1,35%
Ameixa xaponesa	CLJ	22.566.189,87	14,79%	23.309.053,15	15,00%	27.365.726,64	17,41%	73.240.969,66	15,75%
Berberecho	COC	14.676.865,93	9,62%	15.349.459,77	9,88%	17.260.140,56	10,98%	47.286.466,26	10,17%
Cadelucha	DXL	236.311,00	0,15%	136.313,06	0,09%	422.788,00	0,27%	795.412,06	0,17%
Carneiro	VEV	704.178,36	0,46%	330.624,89	0,21%	512.335,61	0,33%	1.547.138,86	0,33%
Chirla	SVE		0,00%	24.532,00	0,02%	10.047,00	0,01%	34.579,00	0,01%
Cornicha	ULO	467.470,00	0,31%	122.079,35	0,08%	326.010,00	0,21%	915.559,35	0,20%
Longueirón	EQI	272.829,92	0,18%	211.866,63	0,14%	60.228,00	0,04%	544.924,55	0,12%
Mexillón	MSM	62.668.501,70	41,08%	64.834.055,70	41,72%	62.813.384,68	39,97%	190.315.942,08	40,92%
Navalla	EQE	2.329.243,61	1,53%	2.287.383,02	1,47%	2.819.293,91	1,79%	7.435.920,54	1,60%
Ostra plana	OYF	10.222.191,51	6,70%	10.837.641,52	6,97%	10.584.862,06	6,74%	31.644.695,09	6,80%
Ostra rizada	OYG	201.847,26	0,13%	186.498,79	0,12%	549.547,00	0,35%	937.893,05	0,20%
Rabioso	GKL		0,00%	20.473,00	0,01%	85.404,75	0,05%	105.877,75	0,02%
Reló	DSX	3.058.258,35	2,00%	2.615.854,18	1,68%	966.357,11	0,61%	6.640.469,64	1,43%
Volandeira	QSC		0,00%	185.501,80	0,12%	125.254,00	0,08%	310.755,80	0,07%
Zamburiña	VSC	84.783,50	0,06%	72.933,00	0,05%	201.703,00	0,13%	359.419,50	0,08%
Total xeral		152.566.421,99	100,00%	155.393.731,03	100,00%	157.140.020,41	100,00%	465.100.173,43	100,0%

Caracterización da actividade das depuradoras

Para poder caracterizar a actividade das depuradoras, establecéronse tres agrupamentos relacionados principalmente coa presenza de mexillón. Decidiuse que as depuradoras se clasificarían dentro dos seguintes estratos:

- Empresas depuradoras especialistas en mexillón (*Mitylus galloprovincialis*, MSM).

- Empresas depuradoras xeralistas.
- Empresas depuradoras xeralistas sen mexillón.


Na táboa n.º 6 móstrase a distribución das empresas por cada categoría e o repartimento en cada provincia.

Táboa n.º 6

CATEGORIZACIÓN DAS DEPURADORAS			
	A Coruña	Pontevedra	Total
Especialistas en mexillón	11	23	34
Xeralistas todas as especies	7	12	19
Xeralistas sen mexillón	6	5	11
	24	40	64


O grupo de *especialistas en mexillón* representa máis do 50% do total de empresas de Galicia. Dentro desta categoría 4 depuradoras da provincia da Coruña e 6 de Pontevedra dedican o 100% da súa actividade á depuración de mexillón (MSM). No ano 2006 este grupo recolleu 53.239.554 kg, que representan o 89,52% do total depurado en Galicia.

Outra característica que define este grupo é a facturación anual media de mexillón (MSM): 3 depuradoras superan os 4 millóns de euros, 5 facturan entre 2 e 4 millóns de euros, 15 facturan entre 1 e 2 millóns de euros e 11 facturan por debaixo do millón de euros.




Dentro do grupo de *xeralistas* atópanse 9 empresas en que a presenza do mexillón (MSM) é superior ao 50% da actividade total; no resto dos casos tanto o berberecho (COC) como a ameixa xaponesa (CLJ) representan a principal actividade na empresa.

En canto á facturación, obtense o seguinte resultado: 7 depuradoras superan os 4 millóns de euros, 3 facturan entre 2 e 4 millóns de euros, 2 facturan entre 1 e 2 millóns de euros e 7 facturan menos dun millón de euros de media anual.



Polo que respecta ao grupo de *xeralistas sen mexillón*, apréciase que 4 depuradoras da provincia da Coruña e 1 en Pontevedra teñen por especie principal a ameixa babosa (CTS). Aparece outro grupo de 3 depuradoras en que a especie principal é o berberecho (COC), e un caso en que a ameixa fina (CTG) supera o 75% do total de actividade desa depuradora.

Se se observa o repartimento da facturación deste grupo, obtense o seguinte resultado: 2 depuradoras superan os 4 millóns de euros, 1 factura entre 2 e 4 millóns de euros, no tramo de 1 a 2 millóns aparecen dúas e por debaixo do millón de euros de facturación hai 6 depuradoras



A orixe dos produtos depurados

As orixes dos moluscos bivalvos foi estratificada en tres niveis:

1. **Orixe Galicia:** cando as depuradoras declaran como orixe Galicia, o principal produto é o mexillón (MSM), que representa máis do 85% das compras realizadas. O resto das especies apenas alcanzan valores do 2% do total das compras, sendo a relación das máis representativas a seguinte: berberecho (COC), reló (DSX), ameixa xaponesa (CLJ), ameixa babosa (CTS), ostra plana (OYF) e ameixa fina (CTG).
 - Dinamarca: o 100% do produto mercado é ostra plana (OYF).
 - Francia: preto do 90% das mercas que se realizan son de ameixa xaponesa (CLJ); o restante correspóndese con ostra plana (OYF) e unha pequena porcentaxe, inferior ao 1%, coa ostra rizada (OYG).
2. **Orixe España/UE:** os países de aprovisionamento de produto dentro da Unión Europea son Francia, Dinamarca, Italia, Irlanda, Holanda, Reino Unido e Portugal. As compras que se lles realizan a outras comunidades autónomas de España apenas son representativas, sen chegar a alcanzar o 1% do total. O repartimento das compras de moluscos mostra a seguinte vinculación:
 - Italia: máis do 95% do produto de orixe italiano é ameixa xaponesa (CLJ), o resto son pequenas cantidades das outras variedades de ameixas.
 - Holanda: foi a orixe de pequenas partidas de navalla (EQE).
 - Irlanda: o 100% do produto mercado é ostra plana (OYF).
 - Reino Unido: a composición das compras está repartida entre un 97% de ostra plana (OYF) e un 3% de navalla (EQE).
 - Portugal: a composición é moito máis variada, preto do 50% é berberecho (COC), o 20% é navalla (EQE) e o resto é unha composición variada de ameixas e compras puntuais de coquina/cadelucha (DXL).
3. **Orixe terceiros países (importacións):** os países de que proceden as importacións son principalmente Canadá, os Estados Unidos, Tunicia e Turquía. O repartimento das especies está moi dirixido. Temos que de:
 - Canadá e os Estados Unidos o 100% da mercadoría importada foi ameixa xaponesa (CLJ).
 - Tunicia e Turquía preto do 100% foi ameixa fina (CTG) e pequenas compras puntuais das outras ameixas.

Principais especies depuradas en Galicia

Para a selección das especies máis representativas da actividade do sector das depuradoras, establecéronse tres criterios: a) que estivesen presentes na actividade dun número representativo de establecementos; b) que as cantidades (kg) fosen significativas;

e c) que o seu valor recollese a parte máis importante do negocio. Así, as especies escollidas están presentes en máis do 50% dos establecementos, representan máis do 95% do total das cantidades e suman máis do 90% do volume de negocio.

Táboa n.º 7

REPRESENTATIVIDADE ESPECÍFICA (ANO 2006)

Especie	N.º establec.	% n.º establec.	kg	% kg	Euros	% €
Mexillón (MSM)	49	79,0%	59.473.877	83,0%	62.813.385	40,0%
Berberecho (COC)	42	67,7%	3.944.679	5,5%	17.260.141	11,0%
Ameixa xaponesa (CLJ)	44	71,0%	3.646.231	5,1%	27.365.727	17,4%
Ostra plana (OYF)	32	51,6%	1.531.274	2,1%	10.584.862	6,7%
Ameixa babosa (CTS)	43	69,4%	884.239	1,2%	13.020.215	8,3%
Ameixa fina (CTG)	39	62,9%	671.613	0,9%	17.095.130	10,9%

Mexillón (MSM)

Como xa se expresou no anterior apartado, a totalidade de mexillón (MSM) ten orixe en Galicia, procedente na súa maior porcentaxe do cultivo realizado nas bateas.

O 86% deste mexillón (MSM) é depurado en instalacións situadas nas provincia de Pontevedra. A localidade que maior número de quilos depura é O Grove, cunha media de 25

mil toneladas, que representa para o ano 2004 o 47% do total; as outras dúas localidades que seguen de preto ao Grove son dúas vilas próximas: A Illa de Arousa e Cambados. No que respecta á provincia da Coruña, as localidades de Ribeira e de Boiro concentran a maior actividade relacionada co mexillón (MSM). Estas cinco localidades están asentadas na costa da ría de Arousa.

Táboa n.º 8


DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA DEPURACIÓN DE MEXILLÓN (kg)

Provincia	Concello	2004	%	2005	%	2006	%
A Coruña		8.084.990	13,30%	11.773.742	18,10%	10.356.291	17,40%
	Ribeira	5.341.475	8,77%	3.673.181	5,63%	4.401.769	7,40%
	Boiro	2.467.875	4,05%	2.545.424	3,90%	3.281.556	5,52%
	Bergantiños	252.668	0,41%	399.688	0,61%	438.927	0,74%
	Costa da Morte	1.052	0,00%	4.548	0,01%	17.925	0,03%
	Outros concellos	21.920	0,04%	5.150.901	7,90%	2.216.114	3,73%
Pontevedra		52.816.382	86,70%	53.439.559	81,90%	49.117.586	82,60%
	O Grove	28.737.212	47,19%	28.653.405	43,94%	18.004.517	30,27%
	A Illa de Arousa	6.890.000	11,31%	5.582.346	8,56%	7.599.858	12,78%
	Cambados	6.393.486	10,50%	5.021.141	7,70%	6.904.264	11,61%
	O Morrazo	5.022.941	8,25%	9.252.914	14,19%	9.195.625	15,46%
	Resto Arousa Sur	1.641.180	2,69%	954.653	1,46%	569.291	0,96%
	Outros concellos	4.824.604	7,92%	4.902.235	7,52%	9.720.388	16,34%

Se tomamos como referencia o mexillón (MSM) que foi vendido para fresco nestas anualidades, podemos construír o seguinte gráfico, onde se ve como o produto que se depura en Galicia é da orde do 50% para os anos 2004 e 2006. O sucedido no ano 2005 garda relación cos períodos de peche de extracción por presenza de intensas mareas vermellas, que coincidiron co último trimestre do ano, momento de

importancia para a comercialización do mexillón (MSM) en fresco. Aínda así, a demanda de produto por parte da depuradoras supera lexeiramente á dos outros dous anos.

En canto ao seu valor económico, o conxunto das empresas facturan unha media anual de 63,4 millóns de euros como resultado da comercialización de mexillón (MSM) fresco.



Berberecho (COC)

Esta especie é a segunda na relación por cantidades vendidas nas depuradoras obxecto deste estudo.

A distribución por provincias mostra que cada ano arredor do 93% desta especie é depurada na provincia de Pontevedra, quedando un 7% para a provincia da Coruña. O repartimento da facturación é similar, destacando que o prezo

medio é de entre 0,5 e 0,8 € por quilo maior na Coruña.

Se se toman como referencia os datos de vendas realizadas nas lonxas e centros de primeira venda publicados nos anuarios de pesca dos anos 2004, 2005 e 2006, obsérvase que preto do 73% dos quilos que son concentrados nestas lonxas teñen como destino depuradoras desta comunidade autónoma.

Táboa n.º 9

	kg	€
2004	3.805.265	14.676.866
Galicia	3.066.090	12.774.328
Portugal	715.150	1.810.425
Resto UE	24.025	92.113
2005	3.467.784	15.349.460
Galicia	2.592.574	12.561.664
Portugal	801.185	2.536.924
Resto UE	74.025	250.872
2006	3.944.679	17.260.141
Galicia	2.482.754	12.538.463
Portugal	1.295.638	3.963.369
Resto UE	166.287	758.309

Se se fai o repartimento das cantidades por orixe, Galicia presenta un lixeiro descenso: pasa de achegar un 80% en 2004 a un 60% en 2006. Por outra banda, as compras realizadas en Portugal aumentan en sentido inverso: pasan de representar un 19% en 2004 a un 33% en

2006. Polo que respecta ao prezo medio do produto galego, este foi aumentando de ano en ano de 4,16 €/kg a 5,05 €/kg. Pola contra, cando a orixe é de países da UE, o comportamento do prezo medio é máis variable e sempre por debaixo do prezo medio en Galicia.

Ameixa xaponesa (CLJ)

Esta especie presenta unha tendencia á alza tanto no proceso de depuración como no mercado galego e de importación. O seu comportamento durante o transporte e a boa adaptación ás condicións mariñas das augas das nosas rías levaron a que desde comezos dos anos 90 se fose introducindo esta especie como alternativa ao cultivo das ameixas fina e babosa. Así mesmo, a boa aceptación dos

consumidores, principalmente polo seu baixo prezo, levou a que se trouxesen importantes cantidades de países como Francia e Italia, sendo este país o principal fornecedor. Nos últimos cinco anos a presenza de ameixa xaponesa (CLJ) nas lonxas de Galicia estase a incrementar, o que favorece a súa presenza nas depuradoras próximas ás praias das cales se extrae.

Táboa n.º 10

	2004	2005	2006
Galicia	966.965	884.324	1.212.571
Italia	2.289.599	1.928.982	1.790.174
Resto da UE	317.274	709.113	610.336
Terceiros países	9.482	52.801	33.150
Total	3.583.319	3.575.220	3.646.231

Cantidades en quilogramos

A actividade que se recolle durante estes tres anos mostra que as cantidades que se depuran anualmente de ameixa xaponesa (CLJ) son moi próximas, cun lixeiro aumento en 2006 (2%). Dentro deste comportamento tamén se pode observar como o aumento das cantidades desta especie con orixe en Galicia xera que a demanda a Italia diminúa.

Polo que respecta a terceiros países, os Estados Unidos e Canadá son os dous lugares aos cales se dirixen estas empresas para conseguir algunhas cantidades desta ameixa.

A distribución da actividade por provincias mostra, igual que no berberecho (COC), que máis do 90% das cantidades depuradas está xestionada por establecementos situados na provincia de Pontevedra, xerando unha media de máis de 20 millóns de euros por ano, mentres que na Coruña a facturación media apenas supera os 2,5 millóns de euros por ano. Pola contra, os prezos medios son maiores na Coruña, cunha diferenza de aproximadamente 1,5 €/kg sobre os prezos medios acadados en Pontevedra.

Ostra plana (OYF)

Nos tres anos de seguimento, o comercio de ostra plana (OYF) mantívose estable na orde das 1.500 toneladas. Unha das peculiaridades deste mercado é que, polo xeral, a venda desta especie se realiza por unidades e tamaños, de xeito que existen distintos prezos segundo o tamaño dos individuos que compoñen os lotes. Esta situación obrigou a realizar diversos factores de conversión de xeito que se puidesen trasladar os datos a quilos.

No repartimento por provincias, Pontevedra acumula por riba do 97% do produto comercializado en Galicia. As depuradoras da provincia da Coruña venderon un pouco máis

caro que as de Pontevedra, agás en 2006, cando o prezo medio de venda anual alcanzou unha caída ata os 6,20 €/kg, mentres que en Pontevedra apenas baixaba uns céntimos dos 7 €/kg.

A principal fonte de aprovisionamento é o produto de Galicia, cun comportamento inestable que provoca que ante a ausencia de produto autóctono se cubra a demanda con compras noutros países da UE. Dentro dos países europeos, os máis importantes subministradores son Dinamarca e o Reino Unido.

Táboa n.º 10

	kg	€
2004	1.452.321	10.222.192
Galicia	939.244	6.090.804
Dinamarca	260.921	2.107.769
Reino Unido	226.683	1.795.568
Resto da UE	8.473	75.050
2005	1.433.860	10.837.642
Galicia	434.807	3.303.924
Dinamarca	241.052	1.787.424
Reino Unido	97.401	791.567
Resto da UE	660.600	4.954.727
2006	1.531.274	10.584.862
Galicia	630.787	4.556.213
Dinamarca	350.216	2.417.703
Reino Unido	245.562	1.337.689
Resto da UE	304.709	2.273.257

Existen fluctuacións dos prezos medios entre as distintas orixes; os valores máis altos preséntanse no ano 2004 (máximo de 9 €/kg), mentres que o mellor valor medio aparece en 2005 (7,56 €/kg), período en que ademais se rexistran os valores máis homoxéneos independentemente do lugar

de orixe; o dato máis salientable é que para o ano 2006 o prezo medio é o máis baixo (6,91 €/kg) dos alcanzados en calquera das outras dúas anualidades aparece o prezo máis baixo de toda a serie (5,45 €/kg).

Ameixa babosa (CTS)

A ameixa babosa (CTS) que se depura e posteriormente se comercializa a través das depuradoras ten na súa maioría orixe galega. Se se toman como referencia os datos anuais de vendas nas lonxas (anuarios de pesca),

entre o 70% e o 90% da ameixa con orixe nas costas de Galicia é depurada nas depuradoras obxecto deste estudo. Ademais, esta ameixa galega representa máis do 80% do produto total que tratan estas empresas.

Táboa n.º 12

	kg	€
A Coruña	564.525	9.250.410
2004	167.489	3.416.681
2005	252.868	3.684.995
2006	144.168	2.148.734
Pontevedra	2.359.465	34.173.171
2004	854.542	12.037.923
2005	764.852	11.263.766
2006	740.071	10.871.482

Na distribución por provincias, na Coruña xestiónase preto da cuarta parte do total dos quilos que son declarados cada ano; agás en 2004, en que o prezo medio alcanzado nesta provincia chega aos 20 €/kg, no resto dos anos os prezos medios son moi similares en ambas as dúas provincias.

O conxunto das depuradoras localizadas no concello de Cambados tratan a cuarta parte

do total de quilos de toda Galicia, arredor das 250 toneladas, que representan unha media anual de 3,6 millóns de euros. Sanxenxo, O Grove e A Illa de Arousa son tres concellos en que se concentra unha importante cantidade de ameixa babosa (CTS), superando as 100 toneladas anuais en cada concello e un negocio de entre 1 a 1,5 millóns de euros anuais.

Táboa n.º 13

	kg	€
2004	1.022.031	15.454.605
Galicia	908.244	14.343.432
Portugal	75.247	613.620
Resto da UE	28.348	395.653
Túnicia	10.192	101.900
2005	1.017.720	14.948.761
Galicia	875.780	13.373.423
Portugal	127.740	1.372.908
Resto da UE	14.200	202.430
2006	884.239	13.020.215
Galicia	724.400	11.056.552
Portugal	127.180	1.456.725
Resto da UE	32.659	506.939

Con procedencia de fóra, o lugar de aprovisionamento é Portugal, mais a súa presenza só chega a ser do 15% sobre o total de quilos depurados en Galicia; este é un

mercado que está medrando, pero en canto a valor de negocio representa preto do 11% do total xerado en Galicia.

Ameixa fina (CTG)

Igual que na anterior especie, a principal orixe da ameixa fina (CTG) é Galicia, representando máis do 85% do produto xestionado polas depuradoras galegas; de todas as especies que foron revisadas neste estudo, presenta o prezo medio máis alto, superando os 25 €/kg nos dous últimos anos cando a súa procedencia é autóctona.

En canto á distribución por provincias en Pontevedra depuráronse un promedio anual de 598 Tm fronte ás 145 Tm de promedio anual en A Coruña. Nos tres anos do estudio existe un descenso continuado das cantidades depuradas e en consecuencia aparece un descenso en canto ao valor de negocio xerado. No referente á variable de valor de negocio a provincia de Pontevedra acumula preto do 82% do total de Galicia; destacar que mentres na provincia pontevedresa se produce un

descenso continuado dos ingresos, a mellora do prezo medio alcanzado en A Coruña permite que pese a descender as cantidades desde o ano 2004 cara o ano 2006, os ingresos xerados aumenten.

Igual que sucedía para a ameixa babosa, o concello de Cambados é a localidade onde maior cantidade de ameixa fina (CTG) se depura, presentando un valor promedio anual por encima dos cinco millóns de euros e un prezo medio por ano entre 26,00€ e 28,00€.

No que se refire aos prezos medios da ameixa fina (CTG) se presenta un amplo rango de valores que van desde os 8,00€ ata os 15,00€, cando a súa procedencia é importación de terceiros países; ata valores entre 18,00€ ata 41,00€ cando a procedencia deste marisco é galega.

Táboa n.º 14

	kg	€
A Coruña	436.445	8.547.149
2004	176.221	2.704.000
2005	132.393	2.748.988
2006	127.831	3.094.161
Pontevedra	1.795.705	44.727.334
2004	677.904	15.394.823
2005	574.019	15.331.542
2006	543.782	14.000.969

Dentro dos países da UE, o máis representativo é Portugal, pero con cantidades pouco representativas. O mesmo está a suceder coas

importacións de terceiros países: son pouco significativas cuantitativamente, presentándose como un lugar común estes tres anos Tunicia.

Táboa n.º 15

	kg	€
2004	854.125	18.098.823
Galicia	782.208	17.214.891
Portugal	37.756	602.106
Tunisia	27.331	218.648
Italia	6.830	63.178
2005	706.412	18.080.530
Galicia	643.035	17.455.571
Tunisia	47.460	397.767
Portugal	15.667	219.718
Francia	250	7.475
2006	671.613	17.095.130
Galicia	558.296	15.254.420
Tunisia	33.936	611.656
Portugal	16.113	395.146
Resto da UE	29.268	419.508
Terceiros países	34.000	414.400

Equipo do servizo de Producción Pesqueira:

*José Manuel Portela Fernández,
Valentín Rodríguez Castro,
Susana García Vite,
Jesús María Gutiérrez Curiel.*



Apoio técnico:

Francisco Taibo del Río

Este traballo foi revisado por:

Carlos Iglesias Patiño
Xefe do servizo de Coordinación
das Unidades de Asistencia Técnica
do Insituto Galego de Estatística.

Jaime Montes Pérez
Dr. en Bioloxía
Investigador do Centro de
Investigacións Mariñas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

